

Camiño das estrelas

Vía da Prata

Guías educativas



**GUÍA ACTIVIDADES PARA INFANTIL
GALEGO**

REALIZACIÓN

Autoría:

Asociación Trebellos de Mediación
María Sonia Paz González

Coordinación:


María Otilia González Rodríguez

Contidos:

María Otilia González Rodríguez
María Sonia Paz González

Colaboracións:

Paco Boluda
Cristina Ouro



ASOCIACIÓN TREBELLOS DE MEDIACIÓN

É unha asociación, para a Prevención, Xestión, e Resolución de Conflitos de maneira positiva (comunidade educativa, familiar, Social...), Onde se fomentan todas as Técnicas das Prácticas Restaurativas (Escoita activa, comunicación non violenta, dialogo, emocións...)


OBXECTIVOS

- Fomentar o coñecemento e os valores positivos da Vía da Prata
- Potenciar a xestión de emocións, a imaxinación e a creatividade
- Poñer o alcance de todos/as a cultura, historia, artesanía da Vía da Prata e o camiño de Santiago
- Coidar as raíces da nosa cultura e saber popular a través da Vía da Prata

MEMORIA DA GUÍA

Dende Asociación Trebellos de Mediación coa colaboración de María Sonia Paz González, xunto con outros colaboradores presentan unhas guías educativas para dar a coñecer e afianzar a Vía da Prata, ademais de traballar a igualdade de xénero, o respecto polas diferencias dos demais, a tolerancia, inclusión...

Cun formato adaptado as diferentes idades educativas, as sesións están descritas con todo o material que fai falta para a súa realización ; Todo o material poderase descargar gratuitamente na Páxina Web da Asociación Trebellos de Mediación. Cada guía ten asignada unha cor, que representa unha idade.






MEMORIA DA GUÍA

METODOLOXÍA

A metodoloxía educativa preséntanse como un conxunto de actividades, planificadas, de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe sen esquecer os beneficios do xogo, ademais dos valores (respecto, asertividade, traballo en equipo, escoita activa, comunicación non violenta, igualdade...), que comparten os peregrinos/as o longo da súa experiencia.

Así as sesións propostas, fanse en actividades onde aparece todo o material, duración, e obxectivos





SESIÓN

INDICE

- Sesión 1: Medios de Transporte da Vía da Prata
- Sesión 2: Os Símbolos da Vía da Prata
- Sesión 3: Xincana da Vía da Prata
- Sesión 4: Emocións na Vía da Prata
- Sesión 5: As Nosas Pegadas
- Sesión 6: Os Sentidos na Vía da Prata
- Sesión 7: O Camiño das Cores
- Sesión 8: E ti que fas no camiño?
- Sesión 9: Xogos Populares na Vía da Prata
- Sesión 10: Un Camiño Saudable
- Sesión 11: Artesanía na Vía da Prata
- Sesión 12: Flora e Fauna da Vía da Prata
- Sesión 13: Coñecemos os Monumentos da Cidade
- Sesión 14: Recortables do Peregrino/a
- Sesións 15: Contos

SESIÓN 1: MEDIOS DE TRANSPORTE DA VÍA DA PRATA



Duración: 45min/1 sesión

Material:

Cinta , corda ou xis, cartel inicio do camiño frecha amarela e o final foto da catedral.

Obxectivos:

- Coñecer mediante os medios de transporte a Vía da Prata
- Fomentar a imaxinación
- Traballar a psicomotricidade

Actividade:

Os participantes pensaran primeiro nos diferentes medios de transporte que poden utilizar para realizar a Vía da Prata e imitaran o seu son. Despois terán que escoller un, e moverse por todo o espazo como vaia indicando o monitor/a: rápido, lento, acía diante, atrás, facendo eses...

Despois farase unha careira dende o punto inicial da Vía da Prata; a saída estará sinalada cunha corda no chan ou pintar unha liña recta con xiz, os participantes estarán de tras. Ademais para sinalar o percorrido porase un cartel cunha frecha amarela comas que hai na vía da prata, e no outro extremo marcando a meta estará a foto ou debuxo da catedral de Santiago

SESIÓN 2: OS SÍMBOLOS DA VÍA DA PRATA



Duración: 45min/Varias sesións

Material:

Papel para reciclar, la de cores, tesoiras, cola branca, follas de distintos árbores ou plantas, acuarelas, bastóns de algodón, tapóns de botellas

Obxectivos:

- Coñecer un dos símbolos da vía da prata
- Fomentar a creatividade
- Traballar a psicomotricidade fina

Actividade:

Vemos os símbolos mais representativos da vía da prata, como e a cuncha de vieira, a cabaza do peregrino/a etc. (pode ser obxecto real ou por medio dunha imaxe;

Falamos dos símbolos do camiño, Cales coñecen?, para que serven?.

Facemos fotocopias das imaxes, **Anexo 1**, dos diferentes símbolos para realizar as diferentes actividades

SESIÓN 2: OS SÍMBOLOS DA VÍA DA PRATA



Actividade:

Actividades Símbolos:

Cunchas de vieira:

Na ficha da cuncha os participantes teñen que cubrilas con papeis de cores, para iso primeiro teñen que romper en anacos pequenos o papel (Periódico, revistas, publicidade), logo botámoslle cola a cuncha e decorámola o gusto cos papeis

Recortámola facemos un burato na punta da cuncha e pasamos un anaco de la para facer un colgante

Cabaza do Peregrino:

Primeiro pedimos os nenos/as que traian todo tipo de follas de árbores e plantas, logo xa na ficha da cabaza as nenas/os teñen que cortan en anacos mais pequenos as follas e logo por lle cola branca a cabaza e pegalas, decorámola o gusto cas distintas follas.

Recortámola facemos un burato na punta da cabaza e pasamos un anaco de la para facer un colgante

SESIÓN 2: OS SÍMBOLOS DA VIA DA PRATA



Actividade:

Actividades Símbolos :

Frecha Amarela que sinala o Camiño :

Coa fotocopia da frecha os nenos/as terán primeiro que pintar a frecha de amarelo con acuarelas con distintas técnicas:

Técnica do Puntillismo: Con bastóns de algodón, mollados en pintura ir marcando puntos ata cubrir a frecha ou tamén co dedo, tapóns de botellas cun garfo...

Estampar: Hai infinidade de obxectos que se poden usar para pintar e estampar:


Patacas: para que vos queden ben o debuxo marcar con moldes de galletas e recortar .

Rolos de Papel: Se lles dades forma, os nenos poden estampar mentres aprenden as formas xeométricas

SESIÓN 2: OS SÍMBOLOS DA VIA DA PRATA

Actividade:

Actividades Símbolos:




Frecha Amarela que sinala o Camiño:

Globos Inchados (con aire, auga ou garavanzos no seu interior)


Xoguetes como pezas de construción




Anexo 1 Fichas para Fotocopiar




Anexo 1: Fichas para Fotocopiar



Anexo 1: Fichas para Fotocopiar



SESIÓN 3: XINCANA DA VÍA DA PRATA



Duración: 50min/1 Sesión

Material:

Bancos de ximnasia, cordas, tuneles de tea, aros de cores, Anexo 2

Obxectivos:

- Fomentar a actividade física a través do xogo
- Desenvolver a imaxinación.
- Potenciar o coñecemento da vía da prata

Actividade:

Faremos unha xincana, que representará a vía da prata, cos distintos elementos de Psicomotricidade como(2 bancos de ximnasia, Aros de cores de diferentes tamaños, 2 Túneles de tea, cordas), Explicamos nocións básicas sobre a Vía da Prata e repartiremos as nosas propias compostelás para a xincana.

Preparamos o circuító:

Punto de inicio marcado no chan cunha corda ou liña marcada con xiz, as nenas/os de tras en fila cas súas mochilas como peregrinos/as irán saíndo de un en un.

SESIÓN 3: XINCANA DA VÍA DA PRATA

Actividade:



Chegando a unha ponte que será un dos bancos de ximnasia pasarán por riba, continuando a vía da prata, haberá un aro verde onde será un albergue onde a profesor/a selara a súa compostelá

Anexo 2 para seguir por un túnel de tea, ata chegar o segundo banco de ximnasia onde o pasar estará outro aro verde(albergue selar compostelá).

Continuamos con uns aros de cores menos o verde para que non se confunda co albergue, postos polo chan algo distanciados uns dos outros onde os nenos/as terán que saltar de aro en aro ata chegar o outro túnel de tea que estará preto xa do final do camiño sinalado cunha foto da catedral onde lle poñen o último selo da compostelá




Anexo 2: Dúas Compostelás

COMPOSTELANA
DE



COMPOSTELANA
DE



SESIÓN 4: EMOCIÓN NA VÍA DA PRATA

Duración: 45min/1 sesión

Material:

Papel mural, cores, Anexo 3 ficha,



Obxectivos:






-Identificar as emocións que se viven na Via da Prata

Actividade:

Facemos un repaso das emocións, cales son?, logo coa ficha do anexo 3 , facemos fotocopia en tamaño mural, para ir complementando todos xuntos, vamos vendo que fai unha peregrina e vamos debuxando caras cas emocións no mural, como se sinte ela?, como nos sentiriamos nos?



Anexo 3: Ficha Actividade: Poñer caras cas emoción que sentiría a peregrina en cada recadro, logo o carón destas podes por as túas

SESIÓN 5: AS NOSAS PEGADAS

Duración: 45min/1 sesión



Material:

Pegadas de pés e mans de cartolina de cores

Obxectivos:

- Fomentar a Vía da Prata
- Potenciar a psicomotricidade gruesa

Actividade:

Facemos copias coa forma, de pés e mans, recortamos en cartolina de cores , vamos realizando un circuío, onde os rapaces/as se lle toca as pegadas dos pes colocaran estes segundo digan as pegadas, pa dereita, esquerda, etc.

Se son pegadas das mans terán que colocar estas e avanzar ata outra das pegadas

Variante:

Os nenos/as cas pegadas serán eles quen colocaran logo farán o seu circuío



SESIÓN 6: OS SENTIDOS NA VÍA DA PRATA

Duración: 45min/5 sesións

Material:

Para cada sentido necesitara o seu material especificado na actividade de este que se indicara na actividade

Obxectivos:

- Coñecer a vía da prata a través dos 5 sentidos
- Fomentar a escoita activa e a atención

Actividade:

Vista



Traballaremos co sentido da vista, en este caso veremos distintas fotos Anexo 4 por onde pasa a Vía da prata, cal nos gustou mais?, que sae nas fotos?, Que estamos utilizar para velas?

Tacto

Material: Cousas que pode haber na vía da prata, follas de árbores e plantas, paus, pedras, area, terra...

Pediremos os rapaces/as que traían todo o que lles parece que puidera formar parte da vía da prata, para poder tocalo ou saír a unha parte da Vía da prata para poder recoller o material.

Facer un mural do tacto cos materiais

SESIÓN 6: OS SENTIDOS NA VÍA DA PRATA

Actividade:

Olfacto

Material: Fragancias de plantas da vía da prata (xestas, flor do toxo, carballo, terra mollada...), Concentramos en utilizar o olfacto para recoñecer e desfrutar desas fragancias

Gusto

Material: Falamos dos alimentos que toman os peregrinos/as da vía da prata, e produtos da nosa gastronomía .
Reproducimos un prato da nosa Gastronomía

Oído

Material: Historia

Camiño de Sons; os nenos/as en silencio escoiten atentos esta historia e representen con xestos e sons do animal que sae no conto.

Pódese realizar en círculo e ir nomeando un a un os nenos/as para que o representen ou que estean camiñando por un espazo e todos sen falar fagan o xesto



SESIÓN 6: OS SENTIDOS NA VÍA DA PRATA

Actividade:


Oído

Historia

Pola Vía da Prata, van os peregrinos e peregrinas atopándose con moitos animais que non dicían nada, soamente camiñaban, por iso vamos axudalos para que se poidan saudar, cando se atopen un animal direi o seu nome e vos faredes o xesto e o seu son que o representa, comezamos:

Camiñando atopamos un can moi contento, (poñerse a 4 patas e imitar a un can movendo o rabo e ladramos sen parar), despedimos o can e seguimos camiño ata un pobo onde atopamos un galo moi fachendoso por creerse moi fermoso (colocamos as plumas e soltamos un Kikiri moi forte)...

E así vamos engadindo animais ou elementos, atmosféricos que atopamos na vía da prata



Anexo 4: Ficha Actividade: Sentido da Vista



SESIÓN 7: O CAMIÑO DAS CORES

Duración: 45min/1 sesión



Material:

Ficha dos diferentes formas e cores anexo 5, pinturas, gomes de cores e formas distintas, papel mural, cola, celo

Obxectivos:


- Fomentar a diversidade
- Aprender a respectar as diferencias

Actividade:

Comezamos dialogo na Vía da Prata, encontrámonos con moitos peregrinos /as, moi distintos tanto en aspecto, cultura, lingua... Hai que celebrar que todos somos diferentes. E aquí na nosa aula que nos diferencia uns de outros... A cor e a forma do cabelo, a cor dos ollos, da pel incluso... pero iso fainos a todos únicos e podemos compartir as diferencias cos demais; por iso para celebrar as diferencias observamos os debuxos dos nenos/as anexo 5 todos teñen forma diferente, pinto de cores distintas ou pomos, gomes, logo facemos un gran mural das diferenzas



Anexo 5: Celebramos las diferencias que nos fan únicos



SESIÓN 8: E TI QUE FAS NO CAMIÑO?



Duración: 45min/1 sesión

Material:

Papel mura, tesoiras, cola, actividade anexo 6

Obxectivos:

- Prevención da Violencia de xénero
- Fomentar a igualdade entre xéneros

Actividade:

Preguntar para comezar un dialogo, Cantas tarefas creen que fan as peregrinas/os?, e eles/as nas súas casas cales son as súas tarefas, e as dos seus pais como as reparten?... No anexo 6 tedes as tarefas necesarias para poder completar a vía da prata ou outras rutas do Camiño de Santiago, Quen fai que é por que?

Logo Poñemos nun mural as tarefas que son de todos e todas



Anexo 6: Lista de tarefas para facer a Via da Prata



Decidir o albergue no que durmir



Coidar dunha ferida leve que fixo un compañeiro/a



Consultar os mapas para dicir as rutas a seguir



Decidir a roupa que se precisa levar para facer o camiño

Anexo 6: Lista de tarefas para facer a Vía da Prata



Escoller o sitio mellor para parar a comer



Encargarse de mirar o parte meteorolóxico



SESIÓN 9: XOGOS POPULARES NA VÍA DA PRATA

Duración: 45min/1 sesión

Material:



Cordas, gomas para saltar, sacos, xiz, pano grande para cubrir os ollos, chapas de refresco, buxainas

Obxectivos:

- Potenciar a creatividade
- Fomentar as relacións interxene ,Coñecer parte da nosa cultura a través do saber popular dos nosos maiores

Actividade:

Inventaremos a persoas maiores do noso entorno(avós ou avoas) para que nos falen de cando eran nenos/as a que xogaban?, como eran os seus xoguetes, que diferencia vedes cos vosos?, logo realizar no patio unha sesión de xogos populares, as agachadas, carreiras de sacos, buxainas, a galiña cega, o truco, o pilla, pilla, as chapas, xogos de corda ou goma, Xogo das Peregrinas da Vía da Prata, podemos pintar as súas personaxes no anexo 7



Anexo 7: Información das personaxes xogo e fichas para colorear

Trasna Exeria

Comparte nome ca primeira muller peregrina Exeria, a Trasna coñeceuna, foi pola idade antiga en concreto no Grande Imperio Romano, a Peregrina Exeria pertenceu a unha familia Patricia da elite da súa época, ela no século IV peregrinou dende a antiga Gallaecia (a actual Galicia) ata Terra Santa, Xerusalén.

Feito moi pouco usual para unha muller na súa época ademais de percorrer este camiño como peregrina deixou a súa longa viaxe por escrito, o seu relato foi atopado no século XIX, permitindo descubrir as condicións no que facían o camiño, converténdose en toda unha heroína.



Anexo 7: Fichas para colorear



A TRASNA

Anexo 7: Información das personaxes xogo e fichas para colorear

As Mouras

Criaturas fantásticas que suelen vivir nas construcións Megalíticas e a auga, teñen longos cabelos que andan a peitear co seu peite de ouro e poden axudar con regalos ou ser o peor pesadelo de quen as moleste, por iso Exeria xoga pouco con elas e outros a quen tamén non trata de amolar son os Xacios seres máxicos metade anfibios con figura humana que viven no fondo das augas do río que esta considerado o Pai dos rios galegos, o Miño que pasa por Ourense nace na provincia de Lugo e desemboca na provincia de Pontevedra na Garda.



Anexo 7: Fichas para colorear



A MOURA

Anexo 7: Información das personaxes xogo e fichas para colorear

Nubeira

Estas viaxan sobre as nubes mandan nelas e controlan os raios e os tronos, os ventos e a chuvia, esta pode ser de varias maneiras como a Treboada mais forte e o Orballo suave.



Anexo 7: Fichas para colorear



NUBEIRA

Anexo 7: Información das personaxes xogo e fichas para colorear


Meiga co seu Caldeiro

As Meigas son mulleres con poderes máxicos que neste caso fan o ben, coñecen moi ben todas as plantas que curan e gústanlle os gatos negros



Galo Lagoa de Antela

En Xinzo da Limia, vila da Provincia de Ourense, teñen a Lagoa de Antela coñecida pola súa lenda que di que no fondo da lagoa existiu unha cidade que polo seu pecado de idolatría de render culto ao galo recibiu o castigo de ser asolagada polas augas. Hoxe en día aínda destaca a figura do galo en campanarios e torres




Anexo 7: Fichas para colorear



MEIGA

Anexo 7: Fichas para colorear



© GALO DE ANTIOQUÍA

SESIÓN 10: UN CAMIÑO SAUDABLE



Duración: 45min/ 2sesións

Material:

Fichas comida saudable anexo 8 e caixa de emerxencias anexo 9


Obxectivos:

-Fomentar os hábitos saudables a través da Vía da Prata

Actividade:

Que son os hábitos saudables e como melloralos?, coñecemos os hábitos saudables da vía da prata?, unha vez teñamos feito o dialogo podemos facer as fichas dos anexos.

Anexo 8 comida saudable e outra Anexo 9, que necesitamos na caixa de emerxencias das peregrinas /os



Anexo 8: Escolle cal dos alimentos son os axeitados para os peregrinos/as rodeándooos cun círculo



Anexo 9: Escolle o que vai na caixa das emerxencias dos peregrinos/as recorta e pega



Anexo 9: Escolle o que vai na caixa das emerxencias dos peregrinos/as recorta e pega



SESIÓN 11: ARTESANÍA NA VÍA DA PRATA



Duración: 45min/1 sesión

Material: Visita de artesanía

Obxectivos:

-Descubrir os oficios e artesanías típicos da Vía da Prata, xoiería, cestería, coiro , metal, etc.

Actividade:

Co xogo de Antón Pirulero podemos introducir os oficios e artesanías típicos da Vía da Prata , xoiería, cestería, etc.

Falamos dos oficios e artesanías e podemos invitar a distintos artesáns para que podamos coñecer o seu oficio ou visítalos nos seus talleres.

Información no Anexo 10



Anexo 10: Ficha Informativa Oficios Artesáns

O Coiro

Descrición: “O coiro é un material moi utilizado desde antigo para resolver diferentes necesidades, fabricando con el infinidade de obxectos útiles. Un material que se sigue empregando na actualidade para moitos usos”.(El cuero - Xacobeo (accioncultural.es)

Cestería

Descrición: “A elaboración de cestos con materiais vexetais é unha práctica utilizada desde moi antigo. Son numerosos os restos arqueolóxicos que se localizaron a pesar do carácter perecedoiro destes materiais. As fibras vexetais son un material que presenta numerosas vantaxes. En primeiro lugar porque son varias as plantas que poden ser utilizadas para esta función como vimbia, o cáñamo, a cor xiz dalgunhas árbores, a palla...; un catálogo de plantas que podemos encontrar en moitas latitudes o que permite unha universalidade desta labor e que en cada caso adáptase aos materiais dispoñibles en cada zona. Por outro lado é moi abundante, fácil de conseguir e económica, tres circunstancias que facilitan o seu uso. Na actualidade o número de artesáns que se dedican ao oficio é moi limitado e podemos considerar que é unha artesanía que se atopa en grave risco de desaparición e, con ela, a perda duns saberes que se foron fraguando ao longo dos séculos nunha actividade a que acompañou a humanidade dende os seus máis remotas orixes. Trátase pois dunha artesanía que require de medidas urxentes para garantir a súa supervivencia e preservar así este importante patrimonio”.

(Cestería y fibras vegetales - Xacobeo (accioncultu-ral.es)

Anexo 10: Ficha Informativa Oficios Artesáns

Os metais na artesanía

Descrición: Desde a Idade de Ferro o home empregou os metais para a elaboración de diferentes obxectos e utensilios.

Asemblea de inicio:

- Breve historia do museo arqueolóxico provincial de Ourense.
- **A peza do mes:** Listado de pezas. Que é a peza do mes?
- **Servicio fotográfico.**

Solicitar ao correo: mapour@xunta.es

Solicitar por teléfono: 988788439

Actividade da sesión:

- Visita guiada ao museo arqueolóxico.

MusarqOurense | Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense (xunta.es)



SESIÓN 12: FLORA E FAUNA DA VÍA DA PRATA

Duración: 45min/ Varias sesións

Material:

Papel mural, mostra de plantas, tarxetas de animais anexo 11



Obxectivos:

- Transmitir e fomentar o valor do respecto, transmitindo ás nenas/os que a flora e fauna teñen os seus dereitos e necesidades.
- Fomentar o coñecemento sobre a Vía da Prata a través da fauna e da flora

Actividade:

Actividade con Fauna

Con tarxetas de fotos de animais, anexo 11 aprendemos a identificar aos diferentes animais dentro da contorna natural, da vía da prata mediante a análise das súas características, así como os que son animais domésticos dos que se consideran animais de granxas ou os que se clasifican como animais salvaxes. Poñémolo nun mural.


Coas tarxetas ilustrativas con imaxes, fotos ou debuxos de animais, inclúe unha acción propia de cada animal, para utilizala en sesións de psicomotricidade, nas que os nenos poidan imitar os sons e movementos comúns dos diferentes animais da vía da prata.

SESIÓN 12: FLORA E FAUNA DA VÍA DA PRATA

Actividade:

Actividade con Flora e Fauna

Sal de excursión co teu alumnado para mostrarlle a flora e a fauna da súa cidade e a dun tramo da vía da prata, recollede mostras e plasmalas nun mural



Anexo 11: Tarjetas de animales da via da prata




Anexo 11: Tarjetas de animales da via da prata



Anexo 11: Tarxetas de animais da via da prata



SESIÓN 13: COÑECEMOS OS MONUMENTOS DA CIDADE



Duración: Non ten tempo establecido

Material:

Papel mural, fotos monumentos, celo

Obxectivos:

-Coñecer o patrimonio arquitectónico da vía da prata na nosa cidade para poder desfrutalo e coidalo

Actividade:

Prepara unha saída pola cidade para ver por onde pasa a vía da prata e os monumentos que ten (concello, catedral, pontes...)
Facer fotos con nenos/as incluso que eles poidan facer algunha o chegar a aula plasmalas nun mural



SESIÓN 14: RECORTABLES DO PEREGRINO/A

Duración: 45 min / 1 sesión

Material:

Ceras de cores, tesoiras, fichas anexo 12 e 13



Obxectivos:

- Fomentar a creatividade e o coñecemento da vía da prata a través da imaxinación
- Coñecer as diferentes roupas dos peregrinos/as a través do tempo



Actividade:

Iniciamos dialogo, como creen que van vestidos os peregrinos e as peregrinas?, que se porían para percorrer a vía da prata?.






Vamos ás fichas do anexo 12 e 13 e pintamos os debuxos do peregrino e peregrina así como a roupa como eles queiran logo recortamos



Anexo 12: Pinta e recorta os peregrinos



Anexo 13: Pinta e recorta






SESIÓNS 15 CONTOS

CONTOS

Duración: Varias sesións

Material:

Varios contos e fichas no anexo 1



Obxectivos:

- Coñecer a través dos contos mais sobre a vía da prata e o Camiño de Santiago
- Fomentar a imaxinación e a animación a lectura

Actividade:

Escollemos o conto que prefiramos do anexo 1 representamos o conto e logo pintamos a ficha da personaxe da historia, podemos facer monicreques con eles/elas





Contos do camiño das estrelas

Vía da Prata

O Galo Pico na Vía da Prata



Érase unha vez que se era non ai moito tempo, o pé do Camiño de Santiago, na Vía da Prata no galiñeiro dunha casa calquera, vivía entre rexoubeiras galiñas, o galo Pico, de fermosas plumas e unha erguida crista, este era o galo mais feitiño de toda a contorna pero tamén era o mais fachendoso e orgullo.

Todas ás mañás colocaba unha por unha as súas brillantes plumas, endereitaba a crista, e botaba un forte KiKiriki paseando dun lado para outro do galiñeiro; os peregrinos e peregrinas que pasaban por alí, paraban para admiralo e incluso facíanlle unha morea de fotos, e a Pico encantáballe ser o centro de atención.

Pero cada día que pasaba o Galo Pico quería mais protagonismo dos peregrinos, así que pensou que os seguiría facendo a ruta da Vía da prata ata esa cidade a que todos se dirixían, Santiago de Compostela, alí habería mais peregrinos que o admirarían e faríanlle un motón de fotos.

Con esa idea na cabeza Pico, ergueuse mais cedo do habitual, arranxou as plumas levantou a crista soltou un forte KiKiriki de despedida, e comezou a camiñar decidido a chegar a Santiago.

O galo Pico andaba amodo, con coidado de non descolocar as plumas e non mancharse, para beber ía gota a gota, apenas comía e paraba ante calquera peregrino que atopaba, estes sorprendidos comentaban en diversas linguas que un galo tan bonito, estivese facendo o camiño como eles, mentres sacábanlle moitas fotos, isto animaba a seguir a Pico a pesar da sede e a fame que pasaba para manterse perfecto

Pero cando xa levaba feito unha grande parte da peregrinación, chegando as portas de Santiago antes do Monte do Gozo a fame e a sede comezaban a afectar a Pico, era tal o malestar do galo que atopou un pequeno charco de barro no medio do camiño e por alí arriba paseando un fermoso Verme.

Que delicia;- pensou Pico correndo dereito caro o verme, esquecendo toda precaución de non mancharse, metendo de cheo o peteiro en todo o barro, pero o verme foi mais rápido e puido escapar deixando a Pico sen comida e con todo o peteiro sucio.

O galo desesperado por limpar o peteiro buscou unha fonte ou río, na que se lavar, pero non deu con ningunha, o que si viu a veira do camiño foi unhas margaridas e o corréuselle unha idea - Pequenas Margaridas, manchei o peteiro, estragando a miña fermosura e perfección e así non podo entrar en Santiago, podedes limpalo?- dixo o galo sen nada de amabilidade, mentres o suave vento tróuxolle a resposta das margaridas.

Limparémosche o peteiro se nos dis que e o mais fermoso da Vía da Prata? – Pico non dubidou e Cantando un agudo KiKiriki contestou que por suposto que el.

As margaridas ofendidas, negáronse a limparlle o peteiro por consideralo moi fachendoso e nada amable cos demais.

O galo decepcionado seguiu camiño co peteiro sucio, os peregrinos que a topaba xa non lle facían ningún caso pasando de largo sen deterse, o pobre Pico, chegou xunto dun vello carballo, que os pes das súas raíces estaban pousadas algunhas follas, e o galo por saúdo soltou un forte KiKiriki preguntando con moi pouco respecto - Carballo manchei o peteiro e por iso non podo colocar as miñas fermosas plumas e así non podo entrar en Santiago, podedes limpalo cas túas follas?

A árbore antes de contestarlle, díxolle -deixarei que te limpes nas miñas follas se me dis que e o mais fermoso da Vía da Prata? – Pico encheu o peito, e cantando un forte KiKiriki contestou que por suposto que el.

O vello carballo ante a egoísta resposta do galo negouse axudalo e este continuou camiño sen moita esperanza, de recuperar a súa fermosura e perfección

A tardiña cando o sol comezaba a recostarse no horizonte Pico refuxiouse nun albergue que utilizan os peregrinos para descansar e por ese día igual que Pico buscaban un luar para reporse da larga camiñada e pasar a noite.

O Galo atopou un bo lugar onde observar as xentes sen ser visto e dende alí viu, os peregrinos que sen importarlles a súa roupa ou aspecto sen coñecerse de nada compartían cos demais comida, e algo aínda mais importante a súa amizade, e as vivencias da vía da Prata.

E así Pico durmiuse rodeado da calor da lareira do albergue e da verdadeira amizade, pola mañá cedo con novas forzas o galo emprendeu camiño con novas esperanzas de atopar alguén que o axudara pois esa noite, Pico comprendeu a verdadeira beleza da Vía da Prata.

Así o pé do monte do Gozo pasaba un cantareiro regato, Pico acercouse dubitativo por medo de ser rexeitado de novo, pero quería entrar limpo e ben arranxado cando entrara en Santiago e que todos se alegraran de velo.

Desta vez saudou o regato con educación antes de soltar o seu KiKiriki e pedindo por favor se podía axudalo a limpar o peteiro; o regato contestou- deixarei que limpes o peteiro nas miñas frescas augas se me respostas a esta pregunta; que e o mais fermoso da Vía da Prata?

Pico antes de contestar pensou na amizade e compañeirismo que mostraban os peregrinos – Bo regato, o mellor da Vía da Prata e compartilo con todas as xentes sen importar o aspecto que teñen KiKiriki- contestou o galo

O regato compracido pola resposta que mostraba o bo corazón do Pico deixou que limpara o peteiro, este deulle as grazas, arranxou as plumas levantou a crista e entrou en Santiago sendo a sensación de peregrinos e xente que atopaba polas rúas, Pico cumpriu o seu soño e grazas a vía da Prata comprendeu que non importa o teu aspecto se non compartir a amizade e respecto cos demais, e como cada, historia, como cada lenda que remata Colorín Colorado este conto esta rematado.

Fin

Anexo 1: Fichas Personaxes Conto



A Pequena Estrela Mina



Fai moito tempo alguén me dixo que se quedas moi quedo mirando para as estrelas veras como estas co seu resplandor van guiando os viaxeiros tanto os que percorren os camiños da terra coma os que navegan polos mares e océanos.

Un deses camiños que no que as estrelas coidan dos peregrinos e peregrinas e o da Vía da Prata, tan importante traballo recaen nas estrelas que mais brillan, pois estas indican o camiño a seguir, e gardan os soños dos camiñantes para que estes se cumpran.

Entre tantas grandes e brillantes estrelas, vivía unha pequena estrela chamada Mina, esta non relucía coma as súas irmás senón mais ben que chispeaba.

Mina puña moito agarimo e entusiasmo en axudar as peregrinas que percorrían a Vía da Prata, como as súas irmás pero a pequena estrela en segredo soñaba con chegar a mais xente e para iso tiña que brillar tanto ou mais cas súas irmás e iso polo momento era imposible, o caso e que as noites ían pasando ata na que nunha delas ocorreu algo increíble, o ceo permaneceu en total escuridade se ningunha das estrelas que brillase so a lúa e a pequena Mina quedaron en aquel escuro manto, deseguida tanto a lúa como a pequena estrela puxéronse a buscar as demais pero non atoparon nin rastro delas.

Pois o que non sabían era que o malvado trasno Tardo, señor dos pesadelos que atormentan as persoas cando dormen, roubara todas as estrelas e con elas os soños dos peregrinos e peregrinas que facían a Vía da Prata.

Deixando escuridade e medo por toda a vía láctea que era a casa das estrelas que gardan o camiño, O Trasnó pechara as estrelas no seu castelo das sombras.

Mina cando soubo o que fixera o Trasnó dos pesadelos quixo ir de inmediato axudar as súas irmás pero a Lúa detívola – Pequena Mina que podes facer ti co teu chispear contra o trasno dos pesadelos?, é mellor que agardes aquí a que eu as rescate-pediulle a súa amiga

Mina non moi convencida o final aceptou o que lle dixo a Lúa, que foi en busca das demais, pero ela caeu nunha das trampas de Tardo, que se apoderou da noite con todos os seus pesadelos, atormentando a todas as xentes que dende esa noite xa non puideron volver durmir e facer o camiño en paz.

A pequena estrela ca noticia de que a Lúa tamén estaba presa, armouse de valor e decidiu que xa era hora de axudar as súas irmás para que regresara a luz e os soños, así que foi en busca do castelo das sombras onde vivía o trasno Tardo e antes de chegar atopouse co trasno do sol, que xoga cas primeiras raiolas do día, Mina pediulle axuda e este díxolle como podía vencer a Tardo, co brillar dun corazón valente dunha estrela.


Mina o principio non soubo moi ben que quixo dicir o trasno da luz e seguiu camiño tratando de resolver o enigma para poder salvar as estrelas, cando chegou o castelo das sombras Mina achegouse silandeira ata que deu co trasno dos pesadelos, Mina tragou dúas veces chispeou todo o que puido e enfrontouse o trasno esixindo que devolverse as súas irmas e a Lúa a liberdade, Tardo o ver a pequena estrela riu dela- ti unha estrela que nin brilla so chispea pretende enfrontarse a min-

Mina non deixou que o trasno a asustará e volveu a exixir a liberdade das estrelas, Tardo terminou enfadado pola valentía da pequena estrela que ousaba enfrontalo, así que estaba apunto de encerrala coas demais cando Mina comezou a chispear iluminando pouco a pouco o escuro salón, e xusto nese momento as palabras do trasno da luz tomaron sentido pois Cando Mina enfrontou os seus medos e creu en si mesma, o seu valente corazón xa non chispeaba senón que brillaba como o sol, que púidose ver por toda a vía láctea, dando esperanza as xentes e peregrinos que volveron a soñar vencendo os seus medos os pesadelos, pronto as estrelas presas, xunto a Lúa uníronse o brillo de Mina derrotando o trasno que esvaeceu ante esa fermosa luz.


Unha vez libres as estrelas e a Lúa xunto con Mina volveron a encher o ceo de luz e esperanza, protexendo os peregrinos no seu andar e as xentes cos seus soños e todo grazas a unha pequena estrela que non brillaba senón que chispeaba.

Fin

Anexo 1: Fichas Personaxes Conto



Anexo 1: Fichas Personaxes Conto



A TRASNA EXERIA



Érase que se era unha Trasnada chamada Exeria esta tiña longas orellas e un rabo co que espantaba as moscas, mosquitos e moscóns; Exeria vive percorrendo a vía da Prata que é un camiño por onde van os peregrinos e peregrinas a cidade de Santiago de Compostela.

Ela percorre o camiño facendo novos amigos entre os peregrinos e as peregrinas, inda que as veces fai trasnadas, nada malo so cousas de trasnos, pequenas bromas a todo o mundo.

Pero un día probou da súa propia menciña pois foi ela quen recibiu unha broma e non das que fan graza a mans da raposa, esta tan arteira coma a Trasnada preparoulle unha pesada broma.

Sabía que Exeria era moi curiosa e gustáballe contar todo o que atopaba pero so sabía contar ata 10, probamos? 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10 -moi ben sabedes contar tan ben como a Trasnada, ou inda mellor, ademais por ser unha trasnada tiña un burato na man por onde se lle escapaban as cousas facendo mais difícil a conta.

Sabendo isto a raposa aproveitouse de que Exeria so contaba ata 10, e do seu burato da man, para preparar a súa broma, poñendo no camiño por onde ela pasaba, 11 pedras brancas amontoadas, para que a Trasnada as contara pero como so sabia contar ata 10 e había unha mais perderíase e esta seguiría contando perdendo o día, isto a raposa pareceulle moi gracioso así que o preparou todo.

Puxo as 11 pedras brancas no camiño, ben a vista e cando a Trasná atopou deseguido púxose a contar 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10 pero ao chegar á última pedra ou caía polo burato ou non sabía seguir a conta, volvendo a empezar unha e outra, e outra vez... A raposa agochada non paraba de rir mentres a pobre da Trasná non deixaba de contar.

A Trasná Exería con cada intento íase poñendo cada vez máis triste, un sabio moucho que acababa de espertar viu o que estaba a pasar ca Trasná e a raposa e decidiu intervir o ver a tristeza de Exería, cando facemos sentir mal os demais cas nosas bromas xa non son tal, así que o moucho voou ata onde estaba Exería e axudouna a contar, veña vamos axudarlle nos tamén...

1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10 e 11 rematou o Moucho por ela ensinándolle o número 11 que non sabía.

Por fin a Trasná puido acabar de contar, esta agradeceulle a súa axuda o bo do moucho e a arteira raposa foi castigada pois hai certas bromas que non teñen graza, aprendeu a respectar os demais e axudalos en cousas que non saben en vez rir deles.

A Trasná seguiu camiño coñecendo un número novo o 11 contamos con ela unha vez máis 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10 e 11

E xa sabedes sede listos menos tablet, móbiles, televisión máis libros e imaxinación, Colorín colorado este conto está rematado

FIN

Anexo 1: Fichas Personaxes Conto




NOME

LIBRO VIAXEIRO DA TRASNA EXERIA

Duración: Durante o curso escolar

Material:

Ficha do anexo 2



Obxectivos:

-Fomentar a lectura, ademais de favorecer unha actividade familiar

Actividade:

O libro viaxeiro da Trasná Exeria, consistirá en que cada neno/a leve para a casa unhas fotocopias que lle de a mestra/e para cubrir ca familia, alí terán que contar curiosidades, experiencias, lendas, gastronomía que coñezan da vía da prata este pode ir acompañado de debuxos e fotos, unha vez realizado, entregase a mestra/e que o remate farán un libro con todos os traballos para os nenos/as





WEBGRAFÍA



Contact improvisación - Wikipedia, la enciclopedia libre

Body Weather – Espacio Punto de Fuga

Min Tanaka - Wikipedia (en-m-wikipedia-org.translate.goog)

Apuntes Baile tradicional.pdf (xunta.gal)

Danza contemporánea - Wikipedia, la enciclopedia libre

Flyng Low con Lucía Sánchez - Estudio 3

Técnica Release (danzaacontemporanea.blogspot.com)

Mindfulness - Wikipedia, la enciclopedia libre

Yoga - Wikipedia, la enciclopedia libre

Escalada - Wikipedia, la enciclopedia libre

Vía de la Plata - Camino de Santiago en Galicia: web oficial

Guía de árboles del Camino Francés (elcaminoconcorreos.com)

Camino de Santiago en Ourense (turismodeourense.gal)

EDUCACION EMOCIONAL (xunta.gal)

Pilates - Wikipedia, la enciclopedia libre

Mitos, contos e Lendas galegas - Galicia Encantada



Arquitectura culinaria. Food Arquitectura - Xacobeo (accioncultural.es)

Carteles-para-un-camino_2021_DIG_compressed.pdf (consejojacobe-ox21.es)

Cestería y fibras vegetales - Xacobeo (accioncultural.es)

El cuero - Xacobeo (accioncultural.es)

Detalle de evento - Camino de Santiago en Galicia: web oficial



ENLACES DE INTERESE

Xacobeo: www.caminodesantiago.gal


Catedral de Santiago: www.catedraldesantiago.es

Arzobispado de Santiago: www.archicompostela.org

Oficina del Peregrino: www.oficinadelperegrino.com

Spiritual Pilgrimages (Camino de Santiago y Camino Kumano Ko-do):
<https://www.spiritual-pilgrimages.com/>

Guía Eroski: <http://caminodesantiago.consumer.es/>



Como Contactar

Teléfono: 600 09 02 09

Correo Electrónico: trebellosmediacion@gmail.com

Página Web: <https://www.asociaciontrebellos.es>

